

BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DO CATALOGO DE PROPOSTAS CULTURAIS DO CONCELLO DE PONTEAREAS 2020

O Concello de Ponteareas impulsa e fomenta a cultura popular galega en múltiples e variadas expresións artísticas.

Co fin de dotar ás entidades interesadas dunha ampla oferta de propostas culturais, créase o Catálogo co fin de favorecer e impulsar a actividade artística e a riqueza da cultura popular existente no Concello de Ponteareas.

Este catálogo pretende ser un instrumento vivo, útil e eficaz para o coñecemento dos diferentes grupos de música, teatro, danza e outras modalidades artísticas que existen no Concello. Nel recollerase información detallada sobre cada un dos grupos ou artistas.

Primeira. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é crear un catálogo de propostas culturais nas múltiples e variadas expresións artísticas que sirvan como base para que as entidades interesadas na promoción e difusión cultural, como organizadoras de actos culturais, poidan programar as súas actividades tomando como referencia un catálogo de propostas culturais municipais.

Segunda. Catálogo de propostas culturais do Concello de Ponteareas

O Catálogo de propostas culturais do Concello de Ponteareas estará adscrito ao Departamento de Cultura do Concello de Ponteareas, que asumirá as funcións asociadas á súa xestión e, en particular, as seguintes:

- Informar, asesorar e orientar sobre o seu alcance
- Xestionar o proceso de inscrición e consulta das entidades rexistradas
- Publicar o catálogo, na páxina web do Concello <https://ponteareas.gal/>

Terceira. Entidades destinatarias

Poderán solicitar a inclusión no Catálogo tódolos grupos que teñan o seu domicilio fiscal no Concello de Ponteareas e que se inclúan nalgunha das seguintes categorías:

- Bandas e escolas de música*
- Masas corais*
- Grupos de Baile folclórico*



4. *Música clásica: dúos, tríos, cuartetos e Bandas de jazz*
5. *Música tradicional: Grupos de Gaitas, grupos folk, pandereiteiras, rondallas*
6. *Charangas*
7. *grupos músico-vocais, grupos de playback, grupos pop-rock e outros flocloros*
8. *Teatro*
9. *Outras modalidades artísticas: Animación infantil, audiovisuais, baile moderno, ballet, cantautoras e cantautores, magos e poetas*

Cuarta. Contido do catálogo

O catálogo incluirá a seguinte información:

- a) Nome artístico
- b) Categoría de aplicación
- c) Datos identificativos da persoa representante
- d) Descrición da proposta artística
- e) Necesidades técnicas para a súa actuación

Quinta. Acceso aos datos do catálogo

Os datos contidos no catálogo serán públicos e estarán publicados en <https://ponteareas.gal>

Sexta. Inscripción no catálogo e prazo

As solicitudes de inscrición no Catálogo presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible no apartado de cultura da páxina web do Concello de Ponteareas <https://ponteareas.gal/servizos/cultura/bases-cultura/>

A presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores, segundo o previsto no artigo 14.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se algunha destas persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica do Concello de Ponteareas admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de métodos de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).



Aquelas persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes de forma presencial no Rexistro de Entrada, utilizando o formulario normalizado dispoñible no apartado de cultura da páxina web do Concello de Ponteareas <https://ponteareas.gal/servizos/cultura/bases-cultura>

O prazo de presentación de solicitudes das agrupacións interesadas comezará a partir **do 17 de febreiro e estará aberto ata o 6 de marzo de 2020 ás 23.59h**

Sétima. Documentación

Para seren incluídas neste programa as agrupacións interesadas presentarán a seguinte

documentación:

- Formulario de Solicitud
- Fotocopia do CIF da entidade
- Fotocopias do DNI do representante debidamente autorizados, e o documento que acredite tal representación
- Declaración asinada na que se comprometen a empregar a lingua galega e linguaxe non sexista no desenvolvemento das súas actuacións
- Certificados de estar ao corrente das obrigas fiscais autonómicas e estatais e coa Seguridade Social, ou ben, cubrir o Anexo autorizando ao Concello para que obteña os ditos certificados.
- Breve memoria explicativa da actividade que desenvolven, na que se incluírán as necesidades técnicas precisas e o caché.
- Relación nominal de compoñentes co seu número de DNI, co nome do profesorado ou director (segundo o caso)

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderalles requirir a exhibición do documento orixinal para cotexar a copia electrónica presentada. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica permitirase a presentación deste de forma presencial.

Oitava. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas estean obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas



que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou se deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións practicaranse a través da *sede electrónica* <https://ponteareas.sedelectronica.gal/> As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos o Concello de Ponteareas practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos requiriráselle á persoa interesada que emende as faltas ou presente os documentos preceptivos nun prazo de 10 días naturais, indicándolle que, de non facelo, se terá por desistida da súa solicitude, arquivandoa sen máis trámites.

Novena. Modificación de datos e baixas no catálogo

O catálogo de propostas culturais permanecerá vixente tanto para o ano 2020 coma para posteriores. Non obstante, este catálogo poderá sufrir modificacións, tanto pola inscrición de novos grupos, en posteriores convocatorias, coma por baixas dos existentes. As modificacións e as baixas de propostas culturais do catálogo tramitaranse a petición da persoa interesada. Poderase efectuar baixa de oficio se se comproba que o grupo non existe.

A solicitude a instancia de parte realizarase preferiblemente por vía electrónica a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible na sede electrónica, ou a través do rexistro de entrada do Concello, segundo corresponda.

Décima. Órgano de aprobación

O órgano competente para a aprobación destas bases é por Resolución de Alcaldía.

Décimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento polo Departamento de Cultural do Concello de Ponteareas, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os



datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o seu consentimento.

Décimo segunda. Normativa supletoria

Para todo o non establecido nestas bases aplicaranse as de execución do Orzamento municipal e a demais lexislación aplicable.

